




PAPER

ALFONSO RODRÍGUEZ



Suicidio a cotío
reler a cafeína
ollar os tellados
rabiar de rabia
bicho doméstico
entre as pernas
non todo o que grunge
é unha fera
incómodo padal
sen a nicotina
no cristal da alma
dos pulmóns sen grelos
caramelo na lingua
pútrida de falar mal
de todos incluído un
pezoña radioactiva
nas enxivas
cuspes de sangue
malas escrituras
ennegrecidas
polo lume da xenreira
carbón do tempo
sen amor que dar
só serpes nas miñas unllas
e poemas mal paridos
que saen ao revés
reconstituídos pola mesta néboa
das guitarras que soan no intre
e non todo o que grunge
é unha fera
ela le o que eu non oio
arremeterme contra a parede!





Fío musical de comuñón
 fundamental en estrita
 harmonía disfuncional...
 Sensacións de paradigmas
 creados para inocentes
 ollos escamados de frotalos
 con algodóns de xeadas
 inoculados con inocuos ácidos
 de mentiras piadosas
 e realidades odiosas
 de sementar por sementar
 os ventos e os agarimos
 bicos que reprochar
 nas luces acesas
 dos atardeceres que non
 queremos enterrarnos
 na terra aínda fértil
 mais as ás de cartón pedra
 que me levan a ningures
 non establecen liberdade
 para os cantos do corazón...
 Primeiro escuridade
 para que brillen as estrelas...



La sección del seno al empezar el tratamiento



La sección del seno al cabo de dos semanas de tratamiento



La sección del seno después de un mes de tratamiento



Cárceres exteriores
sometementos
todos dentro
torturas para corazón
cerebro e riles
no xardín hai un vello
cun cartón de viño aberto
os nenos rabiosos de saír das aulas
xogan ao fútbol e danlle coa pelota
o vello clava os ollos
nas terrazas onde nais e pais
toman o café coma o pan
pan do noso señor xesucristo
corpo necesario coma o traballo
para continuar andando
neste mundo estraño.
Cárceres exteriores
sometementos
todos dentro
trousos cos dous dedos.

